

UN NADAL ONDE A LINGUA E A CULTURA BRILLAN CON LUZ PROPIA

VENRES 21 DE DECEMBRO

Apertura da exposición "Castelao e os cruceiros: autobiografía e experiencia vital" de Florencio Maño no Auditorio

19:00 h no Auditorio Municipal.
Espectáculo de maxia

MARTÍN CAMIÑA
A LINGUA DO PAÍS

SÁBADO 22 DE DECEMBRO

12:00 e 19:00, Auditorio (sala Arcos Moldes).
Festival de Nadal da Escola de Música de Rianxo.

DOMINGO 23 DE DECEMBRO

19:00 h no Auditorio Municipal

FESTIVAL FOGO FATUO

MÉRCORES 26 DE DECEMBRO

11:00 h Pasarrúas do XIGANTÓN DO APALPADOR polas rúas de Rianxo acompañado dos gaiteiros PRIMA DE BUXO

12:30 h Chegada do XIGANTÓN DO APALPADOR á carpa da Pza Castelao + Concerto GAITEIROS PRIMA DE BUXO

17:00 h Pasarrúas do Apalpador con

**ANXO MOURE E
SERVANDO BARREIRO**
dende A Martela á Praza Castelao

18:00 h O Apalpador con Anxo Moure e Servando Barreiro na carpa da praça de Castelao

18:30 h Concerto especial ca carpa:

LYDIA BOTANA
DE AQUÍ PARA ALÁ!

19:30 h Contacontos musical do Apalpador con **Anxo Moure e Servando Barreiro** no Centro Sociocultural A CAPELA do ARAÑO.

XOVES 27 DE DECEMBRO

11:30 h XIGANTÓN DO APALPADOR polas rúas de ASADOS cos gaiteiros PRIMA DE BUXO e concerto no Centro Social Atalaia

13:30 h XIGANTÓN DO APALPADOR polas rúas de TARAGOÑA cos gaiteiros PRIMA DE BUXO e concerto en Campo de Pasos

17:00 h XIGANTÓN DO APALPADOR acompañado de pequenos concertos espontáneos das cantareiras **BULIDEIRAS** dende A Martela á praça Castelao

18:00 h Concerto das cantareiras

BULIDEIRAS
na carpa da Praza de Castelao

18:30 h Concerto especial:

PACO NOGUEIRAS
BRINCA VAI!
Na carpa da praça Castelao

19:00 h Auditorio Municipal
Coloquio e proxección de documental "O soño de Papá" de Xabier Bermúdez.

19:30 h Pasarrúas e concerto das cantareiras **BULIDEIRAS** dende o Centro Cultural VICENTE VIDAL de Leiro á praça da Veliña.

VENRES 28 DE DECEMBRO

11:30 h XIGANTÓN DO APALPADOR polas rúas da Martela.

12:30 h Chegada do XIGANTÓN DO APALPADOR á carpa da praça de Castelao.

A continuación: **OBRADOIRO E KARAOKE DE PANXOLIÑAS** con Nelson Quinteiro

19:00 Auditorio Municipal
Espectáculo de maxia

CAYETANO LLEDÓ
LE CIRQUE

EXPERIENCIA MAIS
CANTOS DE NADAL

17:00 h Praza A Veliña de LEIRO
18:00 h Campo de Pasos de TARAGOÑA
19:00 h Centro Social Atalaia de ASADOS

20:00 h **SERÁN DO APALPADOR** Dende a praça Rafael Dieste á carpa da praça Castelao cos **Colectivos Mais Cantos** de Marín, Lourido e Pontevedra, o XIGANTÓN DO APALPADOR e os gaiteiros **RÍO DE ANXO**

SÁBADO 29 DE DECEMBRO

Pasarrúas e pequenos concertos coa **BANDA DO PATAJULLO**
11:30 h Isorna (Quintáns) 12:00 Isorna (Vacariza) 12:30 h Leiro (A Veliña) 13:15 h O Araño (Centro Sociocultural A Capela)

17:00 h Espectáculo musical:
NELSON QUINTEIRO
AS NOSAS MÚSICAS D'AQUÍ!

18:30 Concerto especial

TINO BAZ

18:30 e 20:30 h no Auditorio Municipal
GALA LÍRICA
Concerto de fin de ano EMR coas solistas Cecilia Rodríguez (soprano) e Diego Neira (tenor)

LUNS 31 DE DECEMBRO
12:30 h na carpa da praça Castelao
ZUMBA SOLIDARIA e durante todo o día actividades: **FESTA DE SANTA COLUMBA + FESTA DE DESPEDIDA E ANINOVO**

SÁBADO 5 DE XANEIRO
Dende as 17:30 h

CABALGATA DE REIS

LUNS 7 DE XANEIRO
OS BOLECHAS
NADAL NO POLO NORTE


18:00 h Auditorio Municipal
Entrada de balde ata completar capacidade. Retirada 1 hora antes da función (máximo 2 por persoa)

nadal, ao noso xeito!

Os festivais e actuacións que se desenvolven no Auditorio están suxeitos á retirada previa de convites (máximo 2 por persoa), dende unha hora antes do comezo do evento.



Rianxo
Concello



EN RIANXO
ao noso xeito

IMAXE: Bruno Rodríguez





Rianxo

Promoción Económica,
Desenvolvemento Local, Comercio,
Turismo e Medio ambiente.

EN RIANXO
ao noso xeito

nadal, ao noso xeito!

Dende o 26 de decembro de 2018

LIMIAR

Despois de dous anos celebrando con un grande éxito a proposta "Pequeno Circo de Nadal" este ano a Área de Promoción Económica, Desenvolvemento e Medioambiente do Excmo Concello de Rianxo ten decidido dar un xiro a esta proposta de maneira que o Nadal en Rianxo, este ano 2018 sexa concebido como un "Nadal ao Noso Xeito".

Despois dos elfos, as cancións navideñas de carácter mais internacional e as disciplinas máis circenses que eran as protagonistas nas anteriores propostas, este ano queremos darlle un carácter totalmente xenuino e enxebre á batería de actividades que se ofrecen enfocadas para dinamizar a economía e pequeno comercio local nestas datas tan sinaladas como son o Nadal.

Voltaremos a instalar a carpa na Praza de Castelao, e esta seguirá sendo epicentro da actividade, pero ao mesmo tempo abriranse unha serie de espazos escénicos descentralizados por rúas, barrios ou parroquias que serán escenario de diferentes propostas e actividades.

A música e a danza galega, os oficios, a intrahistoria cultural galega, as panxoliñas de raíz tradicional, os nosos instrumentos, a música popular ou a figura do Apalpador tomarán, entón un novo protagonismo nesta programación enfocada a que tanto maiores como pequenos/as poidan desfrutar dun "Nadal ao noso xeito".

Mudando a decoración da carpa para convertila en algo máis noso, enfocando o vestiario dos bailaríns, cantores e dinamizadores en inspiración coa roupa tradicional, retomando a figura do Belén e dos Cantos de Reis ou traendo propostas escénicas e musicais cun marcado carácter galego.

Así será o "Nadal ao Noso Xeito", unha proposta completa e integral para que durante os días 26, 27, 28 e 29 o Nadal teña epicentro nas rúas, tendas e locais de Rianxo!

Ao noso xeito!

Para a cartelería e material de man optaremos por fotos de temática mariñeira, tan presente nas postas de "Bo Nadal" dos anos 80. Moi ao noso xeito! Imaxe: BRUNO RODRÍGUEZ



nadal, ao noso xeito!

Dende o 26 de decembro de 2018

PROPOSTA

A nosa proposta "Nadal ao Noso Xeito!" combinará **accións de rúa**, **espectáculos** de primeira liña e **accións itinerantes** que vaian percorrendo os diferentes espazos que haberá instalados ao longo e ancho do termo municipal.


Un dos atractivos deste ano consiste na posta en marcha e confección dun **Apalpador Xigante**, de 2,50 m de altura, un xigantón que acompañado de músicos e bailaríns percorrerá as rúas, locais e espazos deseñados para tal efecto co obxectivo de animar, divertir, convidar ao Nadal e promocionar as actividades programadas.

Paralelamente, haberá pequenos concertos, contacontos ou accións itinerantes, como a visita do Apalpador de carne e óso, da man de **Anxo Moure e Servando Barreiro**, as **Cantareiras "Bulideiras" de Fontecarmoa** (Vilagarcía), un grupo de máis de 20 mulleres cantareiras de cancións populares, o trío "**Cachelo, Xurelo e Patajullo**" do espectáculo "As Nosas Músicas D' Aquí" ou toda a metralla "**Mais Cantos**", case unha centena de persoas a cantar e encher de alegría os diferentes entornos urbanos e rurais.

Toda a programación complétanna un feixe de espectáculos de primeira calidade a celebrar por día na carpa "Ao Noso Xeito", dende as músicas do mundo con "**Lydia Botana**" e o espectáculo "De Aquí para Alá", as cancións sobre o Apalpador e as festas do ano da man de **Paco Nogueiras** e o seu "**Brinca Vai!**", o "**Serán do Apalpador**" con **Mais Cantos** e os **Gaiteiros Rio de Anxo**, o espectáculo didáctico sobre a música, tradicións e oficios "**As Nosas Músicas D' Aquí**" de **Nelson Quinteiro** ou a contundente voz de **Tino Baz**, autor da panxoliña contemporánea máis exitosa: "**Os Pitiños**".

Todo completado con actividades para realizar en familia, obradoiros de música e danza tradicional, xogos, e mil e unha sorpresas.

A lingua galega e a reivindicación dun carácter local para o Nadal centrarán as propostas desta edición do Nadal "Ao noso Xeito".





Rianxo

Promoción Económica,
Desenvolvemento Local, Comercio,
Turismo e Medio ambiente.

EN RIANXO
ao noso xeito

nadal, ao noso xeito!

Dende o 26 de decembro de 2018

MERCADO DE NADA, OBRADOIROS, ACTIVIDADES EN FAMILIA, XOGOS...

Para que a Carpa "Ao noso xeito" sexa un lugar céntrico e simbólico da programación, ademais de que permita conciliar as compras, é o noso obxectivo que haxa actividades permanentes para que a carpa siga a ser, como en anos anteriores, un lugar de agarimo e ilusión, sobre todo para os mais pequenos, sempre entusiasmados coa nosa presenza en anteriores edicións. Este ano, como novidade, haberá un MERCADO DE NADAL con postos de artesanía para darlle calor e ambiente permanente á nosa carpa.

Deseñaremos, ademais, unha serie de obradoiros e actividades que, na liña do proxecto, se definan por ser "Ao noso Xeito", e permitan que a carpa siga a ter vida neste novo proxecto.

Canto, baile tradicional, panxoliñas, ritmos... acompañadas dunha serie de propostas nas que, dun xeito libre, tanto nenos como pais e nais poidan entrerese coloreando, facendo manualidades, confeccionando adornos, etc...

A decoración da carpa irá en liña coas xeneralidade do proxecto, e este ano optará por motivos mariñeiros, arranxos mariños, imaxes marítimas, etc...





Rianxo

Promoción Económica,
Desenvolvemento Local, Comercio,
Turismo e Medio ambiente.



nadal, ao noso xeito!

26, 27, 28, e 29 de decembro de 2018

MÉRCORES 26 DE DECEMBRO

11:00 h Pasarrúas do Xigantón do Apalpador polas rúas de Rianxo acompañado dos gaiteiros PRIMA DE DE BUXO

12:30 H na carpa Chegada do Xigantón do Apalpador + Concerto gaiteiros PRIMA DE BUXO
A continuación: OBRADOIRO DE BAILE GALEGO con Nelson Quintero

17:00 h Pasarrúas do Apalpador con Anxo Moure e Servando Barreiro dende o Barrio da Martela á carpa da Praza Castelao

18:00 h Contacontos e actuación musical do Apalpador con Anxo Moure e Servando Barreiro na Carpa da Praza de Castelao

18:30 h Concerto especial: LYDIA BOTANA: DE AQUI PARA ALÁ! Na Carpa da Praza de Castelao

19:30 h Contacontos e actuación musical do Apalpador con Anxo Moure e Servando Barreiro no Centro Sociocultural A CAPELA de Araño

XOVES 27 DE DECEMBRO

11:30 h Pasarrúas do Xigantón do Apalpador polas rúas de ASADOS acompañado dos gaiteiros PRIMA DE DE BUXO e Concerto de PRIMA DE BUXO no Centro Social Atalaia

13:30 h Pasarrúas do Xigantón do Apalpador polas rúas de TARAGOÑA acompañado dos gaiteiros PRIMA DE DE BUXO e Concerto de PRIMA DE BUXO no Campo de Pasos

17:00 h Pasarrúas do Xigantón do Apalpador acompañado de pequenos concertos espontáneos das cantareiras BULIDEIRAS dende A Martela á carpa da Praza Castelao

18:00 h Concerto das cantareiras BULIDEIRAS na carpa da Praza de Castelao

18:30 h Concerto especial: PACO NOGUEIRAS: BRINCA VAI! Na carpa da Praza de Castelao

19:30 h Cantareiras BULIDEIRAS dende o Centro Cultural VICENTE VIDAL de Leiro á Praza da Veliña

VENRES 28 DE DECEMBRO

11:30 h Pasarrúas do Xigantón do Apalpador polas rúas de A Martela





Rianxo

Promoción Económica,
Desenvolvemento Local, Comercio,
Turismo e Medio ambiente.



nadal, ao noso xeito!

26, 27, 28, e 29 de decembro de 2018

12:30 H na carpa Chegada do Xigántón do Apalpador

A continuación: OBRADOIRO E KARAOKE DE PANXOLIÑAS con Nelson Quinteiro

EXPERIENCIA MAIS CANTOS DE NADAL

17:00 h Praza A Veliña de LEIRO

18:00 h Campo de Pasos de TARAGOÑA

19:00 h Centro Social Atalaia de ASADOS

20:00 h SERÁN DO APALPADOR Dende a Praza Rafael Dieste á Carpa da Praza Castelao cos Colectivos Mais Cantos de Marín, Lourido e Pontevedra, o Apalpador Xigante e os Gaiteiros RÍO DE ANXO

SÁBADO 29 DE DECEMBRO

11:30 h Pasarrúas e Mini concertos coa BANDA DO PATAJULLO en Isorna (Quintáns)

12:00 h Pasarrúas e Mini concertos coa BANDA DO PATAJULLO en Isorna (Vacariza)

12:30 h Pasarrúas e Mini concertos coa BANDA DO PATAJULLO en Leiro (A Veliña)

13:15 h Pasarrúas e Mini concertos coa BANDA DO PATAJULLO en Araño (Centro Sociocultural A Capela)

17:00 h Pequeno Gran Show Infantil "As Nosas Músicas D´Aquí" con Nelson Quinteiro e a Banda do Patajullo na Carpa "Nadal ao Noso Xeito"

18:30 Concerto especial TINO BAZ na Carpa "Nadal ao Noso Xeito"

Luns, 31 decembro

12:30 h Zumba solidaria na Carpa da Praza Castelao

Festa Fin de ano 31 decembro na Carpa da Praza Castelao

09:00 h Bombas de Palenque

10:00 h Pasarrúas RÍO DE ANXO

12:00 H Misa na Igrexa de Santa Columba

12:30 Zumba Solidario

19:00 h Despedida do ano con música, baile, agasallos e sorteos

01:00 h Apertura da Carpa

DJPERI E DJMARMIKE

03:00 h Gominolas e Rianxeira

05:00 h Chocolate con churros e posto comida quente

Luns 7 de Xaneiro

OS BOLECHAS no Polo Norte no Auditorio Municipal 18:00 Horas





Rianxo

Promoción Económica,
Desenvolvemento Local, Comercio,
Turismo e Medio ambiente.

EN RIANXO
ao noso xeito

nadal, ao noso xeito!

dende o 26 de decembro de 2018

ACCIÓNS DE IMPACTO



XIGANTÓN DO APALPADOR



BULIDEIRAS de Fontecarmoa



ANXO MOURE
E SERVANDO BARREIRO



A BANDA DO XURELO, CACHELO E PATAJULLO



PRIMA DE BUXO



Un dos principais protagonistas deste "Nadal ao noso xeito" serán as diferentes intervencións e accións de impacto en diferentes puntos do termo urbano e rural.

Para elo temos deseñadas unha batería de **propostas itinerantes** e a representar en ditos espazos, para que este ano, o "Nadal ao noso Xeito" sexa unha **proposta centrífuga**, e acade a todas e todos os veciños e veciñas de Rianxo.

Teremos **pasarrúas, concertos infantís, contacontos, propostas en torno ao Apalpador** e con transfondo ecolóxico ou o prato forte deste acción, a "**EXPERIENCIA MAIS CANTOS**" que a golpe de autobús trasladará aos cantareiros parroquia por parroquia!



MAIS CANTOS E GAITEIROS RÍO DE ANXO



Rianxo

Promoción Económica,
Desenvolvemento Local, Comercio,
Turismo e Medio ambiente.

EN RIANXO
ao noso xeito


nadal, ao noso xeito!

Dende o 26 de decembro de 2018

GRANDES ESPECTÁCULOS



LYDIA BOTANA De Aquí para Alá



PACO NOGUEIRAS Brinca Vai!



NELSON QUINTEIRO As nosas músicas D´Aquí



Os nosos grande artistas non merecen máis presentación, porque se presentan sós. Un feixe de propostas a celebrar cada día de cara a dotar á programación dun carácter moi noso, con propostas que falen do ciclo festivo galego, como o "Brinca Vai" de PACO NOGUEIRAS, das músicas do mundo e aventuras dende aquí con Lydia Botana e o seu "De Aquí para Alá", dos oficios, ritmos e tradicións locais como "As Nosas Músicas D´Aquí de NELSON QUINTEIRO, Serán do Apalpador cos grupos MAIS CANTOS E GAITEIROS RÍO DE ANXO ou da poesía e os poetas galegos de man da voz, sempre grande e sincera, de TINO BAZ.



TINO BAZ en concerto



Rianxo

Promoción Económica,
Desenvolvemento Local, Comercio,
Turismo e Medio ambiente.

EN RIANXO
ao noso xeito

nadal, ao noso xeito!

ZUMBA SOLIDARIO
Luns 31 de Decembro

**NA CARPA DA PRAZA CASTELAO
ACTIVIDADE TOTALMENTE DE BALDE!**

#NINGUNHACRIANZASENXOQUETE

**TRAE UN XOQUETE E COLABORA
CUN NADAL PRA TOD@S**

ORGANIZA: COLABORA:

Fin de Ano 2018

PRAZA CASTELAO RIANXO

09.00H BOMBAS DE PALENQUE | 10.00H PASARRÚAS "RIO DE ANXO"
12.00H MISA NA IGREXA SANTA COLUMBA | 12.30H ZUMBA SOLIDARIO
19.00H DESPEDIDA DO ANO CON MÚSICA DE BAILE, AGASALLOS E SORTEOS
01.00H APERTURA DA CARPA | 03.00H GOMINOLAS E RIANXEIRA
05.00H CHOCOLATE CON CHURROS E POSTO COMIDA QUENTE

CARPA CLIMATIZADA | PHOTOCALL | ALFOMBRA VERMELLA | MESA DE DOCES
REGALOS COAS 200 PRIMEIRAS CONSUMIÇÕES
PROHIBIDA A VENDA DE ALCOL A MENORES | PROHIBIDO FUMAR

MÚSICA A CARGO DE
**DJPERI
DJMARMIKE**

ESTABLECEMENTO COLABORADOR COA FESTA DE FIN DE ANO

ORGANIZA: COLABORA:



Rianxo

Promoción Económica,
Desenvolvemento Local, Comercio,
Turismo e Medio ambiente.

EN RIANXO
ao noso xeito

nadal, ao noso xeito!

O Apalpador

Ben polas ilustracións de Leandro Lamas (na imaxe) ou Luis Dávila ou por todas as actividades relacionadas coa súa figura ao longo e ancho da xeografía galega, O Apalpador foise tecendo un óco no imaxinario colectivo, sobre todo no dos máis pequenos/as, grazas a ilustracións, contos, cancións, vídeos ou unidades didácticas que completan a súa implantación como unha personaxe típico destas datas.

Cunha mensaxe de fondo que afonda en valores como a ecoloxía, a celebración dunhas festas sostibles ou a posta en valor do noso patrimonio, lingua, cultura, música e tradicións, o Apalpador convértese nunha figura complementaria e necesaria á hora de pensar nunhas celebracións do Nadal dende un prisma galego.



Sorprenderemos aos nosos paseantes, veciños e rapazada coa visita máis inesperada dun Apalpador Xigante que percorrerá as rúas, parroquias, prazas e Mercado de Nadal levando castañas, música, cancións ou bailadores para darlle un enxebre carácter á nosa celebracións de Nadal recuperando a figura mitolóxica do carboeiro do Caurel.

Un Apalpador Xigante que temos posto a andar en colaboración coa Compañía de Títeres Errantes (Burgos), nunha proposta que encherá de ilusión, castañas e música o Nadal "Ao noso Xeito".



Rianxo

Promoción Económica,
Desenvolvemento Local, Comercio,
Turismo e Medio ambiente.

EN RIANXO
ao noso xeito

nadal, ao noso xeito!

Mais Cantos



DÍA 28 DE DECEMBRO, VENRES
DE 17:00 H en adiante
MAIS CANTOS DE NADAL

MAIS CANTOS! é unha iniciativa destinada a crear experiencias relacionadas co canto popular, canto tradicional e canto de taberna organizando grandes quedadas colectivas para cantar en grupo. Para conseguilo coordinamos a diferentes grupos de traballo e clases de canto en activo enfocadas á montaxe de repertorios simultáneos.

Ao longo do ano deseñamos diferentes experiencias e cantadas colectivas.

Dende outubro de 2017 temos participado no Festival "O Bosque de Nadal" en Pontevedra, "Pequeno Circo de Nadal" en Rianxo, nas Festas de Entroido na Pza de María Pita, na Coruña, a Festa da Raia de Portonovo 2018, Pregón e desfile das Festas de San Xoán de Poio 2018, Festas do Carme 2018 de Moaña, Festas do Mexillón 2018 de Combarro ou Apertura e chupinazo das Festas de San Xínés e Santa Rosalía en Sanxenxo..

Cunha caracterización e repertorio específico para as festas de Nadal, non te perdas as panxoliñas que Mais Cantos temos preparadas para estas festas en compañía do Xigantón do Apalpador e os gaiteiros RÍO DE ANXO!

17:00 H EN LEIRO Praza A Veliña
18:00 h EN TARAGOÑA Campo de Pasos
19:00 h en ASADOS Centro Social Atalaia

20:00 h SERÁN DO APALPADOR
Dende a Praza Rafael Dieste á Carpa da Praza Castelao

Nadal

NO POLO NORTE



LUNS 7 DE XANEIRO

OS BOLECHAS

NADAL NO POLO NORTE

18:00 H Auditorio Municipal

*Entrada de balde ata completar capacidade. Retirada
1 hora antes da función (máximo 2 por persoa)*